ABALAR é o proxecto da Consellería de Cultura, Educación e O. U. para a integración plena das TIC na práctica  educativa en Galicia.

Pretende á modernización e mellora da educación como parte da estratexia transversal de promoción das TIC a todos os sectores da sociedade, recollida no marco da iniciativa de modernización egoberno2013.
O proxecto ABALAR integra os recursos actuais e aproveita ademais os recursos que a Administración Xeral do Estado lles propón ás comunidades autónomas no marco do proxecto Escola 2.0

“Un cambio de modelo educativo...”

Finalidade: que todo o alumnado ao completar a súa formación alcance a “competencia dixital” que implica tanto o dominio das TICs como o seu uso seguro e crítico.

O proxecto ABALAR persegue un salto cualitativo e cuantitativo nos nosos centros co fin de mellorar a súa calidade e eficiencia nun proceso de modernización constante, integrando as tecnoloxías da información e da comunicación en todos os ámbitos da práctica educativa.

O primeiro dos eixos de actuación proxecto Abalar consiste en dotar aos centros cos equipamentos e infraestruturas necesarias para o funcionamento das TIC na educación, favorecendo a conversión dos centros educativos tradicionais en centros educativos dixitais.

Equipamento:

netbooks (ultraportátiles) para o alumnado e portátil de aula, armarios con bandexas para a recarga, EDI (Encerado Dixital Interactivo), videoproxector e servidor do Centro (servizos de rede e servizos de usuario).

Infraestruturas: conectividade wifi das aulas

2. Equipamento e infraestrutura

Conexión: creación da intranet do centro e conexión á rede de educación e a Internet.

XUNTA DE GALICIA PROXECTO ABALAR

Todas as aulas Abalar dos centros públicos contarán co seguinte equipamento:

Miniportátiles para o alumnado.

Carro de carga para os miniportátiles.

Encerado Dixital Interactivo.

Videoproxector.

Portátil para a aula.

Conectividade wifi nas aulas.

Servidor do centro.
Adicionalmente, realizarase a instalación e posta en marcha de todo o equipamento.

# A aula Abalar e os seus elementos



Miniportátiles para o alumnado
Cada alumno disporá dun netbook para o seu uso dotado cun sistema GNU / Linux:

SO GNU / Linux

Aplicacións por defecto (Open Office, Gimp, Firefox, etc.)

Os recursos son de **uso libre ou con licenzas Creative Commons** para utilizar no traballo co alumnado e proxectos didácticos ou educativos.

Aplicacións educativas.



Carro de carga para os miniportátiles .
Cada aula Abalar contrá cun carro de carga onde os alumnos e alumnas depositarán os seus ultraportátiles para ser cargados.

XUNTA DE GALICIA PROXECTO ABALAR

www.edu.xunta.es/espazoAbalar

É un portal propio co que conta o Proxecto Abalar coa finalidade de desenvolver as TIC no ámbito educativo, invitando á participación e motivación do alumnado e fomentado a colaboración dos centros, da comunidade docente e das familias dos rapaces.

O espazoAbalar componse de diversas áreas, específicas para os diferentes axentes do ecosistema educativo, que están integradas nunha única plataforma.

Actualmente, conta cun espazo para informar das novas do proxecto e dos recursos educativos máis destacados, e tamén conta cun espazo persoal para o profesorado, os centros e as **familias**, e adicionalmente, conta cun repositorio de contidos e unha "aula virtual aberta".

Pero esta plataforma continúa en desenvolvemento e ampliando novas funcionalidades.

www.edu.xunta.es/espazoAbalar



# www.edu.xunta.es/espazoAbalar



www.edu.xunta.es/espazoAbalar



www.edu.xunta.es/espazoAbalar/nova/abalarmobil


www.edu.xunta.es/espazoAbalar/nova/abalarmobil

abalar móbil

espazoAbalar

Atendémolo/a | Accesibilidade | Mapa Web

GALEGO | CASTELLANO

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Contidos orientados

Alumnado e Familias

Centros e Profesorado

Prensa

Acceso aos servizos

## O que está a acontecer agora en Abalar

ACTUALIDADE DO PROXECTO | 04/12/2013

**Abalar: abalarMóbil**

Vota: Resultado: (20 votos) Imprimir · Enviar Compartir:

A Xunta de Galicia, coa finalidade de aumentar o acercamento entre o profesorado e as familias, ofrece **abalarMóbil**. Trátase dunha aplicación que permite ás familias consultar a información dos seus fillos a través do teléfono móbil dende calquera lugar, de forma cómoda e rápida.

Esta aplicación nace no contexto do Proxecto Abalar, un compromiso da Administración galega coa cidadanía galega, no ámbito da integración das novas tecnoloxías na práctica educativa, para acadar unha resposta integral e de futuro aos retos que presenta a educación do noso alumnado na sociedade dixital do século XXI.

abalarMóbil é unha aplicación que se pode instalar tanto no teléfono móbil como nunha tablet, e que permite ás familias consultar a información de calquera dos seus fillos a través destes dispositivos.

A descarga desta aplicación faise dende **Apple store** (se o sistema operativo é IOS) ou dende **Play Store** (se o sistema operativo é Android).

As familias que descarguen abalarMóbil van a poder dispoñer das seguintes funcionalidades:

- Acceder aos datos persoais
- Consultar as cualificacións

r na rede :

Buscador

Buscar neste sitio:

Busca avanzada >

Guía para as familias abalarMóbil

Guía para as familias abalarMóbil

Formulario de incidencias e consultas

www.edu.xunta.es/espazoAbalar/nova/abalarmobil



www.edu.xunta.es/espazoAbalar/nova/abalarmobil



www.youtube.com



# Resumo do protocolo Abalar do Centro

## Resumo do Protocolo do Proxecto Abalar.

- **Identificación do portátil.**

Cada portátil está identificado cun código que, entre outras cousas, corresponde co número de lista da clase. O portátil asignado será polo Ciclo completo.

- **Responsabilidade das familias ou titores.**

As familias ou titores son responsables do incorrecto uso e do mal trato dos mesmos, ao igual que o resto de material e bens do Centro. É un programa obrigatorio, polo tanto non se pode renunciar ao mesmo.

- **Material que aportarán os alumnos:**
  - Cada alumno deberá traer o seu propio auricular, como medida hixiénica.
  - Cada alumno deberá traer un Pen Drive novo, embalado, para evitar virus. Este serálle devolto ao final do curso. Non poderán levalo a casa e estarán identificados cos mesmos números que o portátil que teñan asignado. O Pen Drive deberá de ter coma mínimo de 4 Gb de capacidade.

**Edmodo.**

**EDMODO** permite crear un espazo virtual de comunicación co teu alumnado e outros profesores, no que se poden compartir mensaxes, arquivos e enlaces, un calendario de traballo, así como propoñer tarefas e actividades e xestionalas.

Entre as vantaxes deste servizo hai que destacar que é gratuíto, está en español e que poden rexistrarse os menores. Ademais, e isto é importante, as páxinas son privadas de forma predeterminada, o que significa que a información só é accesible para os que ingresan co seu nome de usuario e contrasinal, é dicir, o alumnado e o profesorado rexistrado.

Os pasos para acceder ao grupo de **EDMODO**, son os seguintes:

O profesorado ten unha conta en **EDMODO**, nela xerarase un código que servirá para que os nosos alumnos soliciten entrar neste grupo co perfil Estudiante, creando un usuario, contrasinal, e poñendo o seu nome e apelido ou as iniciais (non fai falta conta de correo electrónico).

Unha vez rexistrado todo o grupo, cada alumno-usuario pode mandar mensaxes ao grupo ou ao profesor.

O profesor poderá enviar ao grupo enquisas ou asignacións (tarefas ou actividades que deben remitirnos antes dunha data determinada).

Unha vez que os alumnos realizen a actividade nola envían a través da plataforma e podemos cualificala.

**EDMODO** é unha rede privada que permite a interacción cos nosos alumnos e entre eles, de forma rápida e eficaz a través de internet.

www.aulaplaneta.com

Ao longo do Curso, os alumnos de 5º participarán, de xeito gratuíto, en Aula Planeta, polo que terán que darse de alta, precisamos os seguintes datos:

- Correo electrónico familiar.
- Usuario.
- Contrasinal.
- Data de nacemento.
- Nome e apelidos dos pais.

Para máis información podedes ver:
www.aulaplaneta.com




**<u>Devolver asinada esta parte:</u>**

D./Dna.______________________________________________________________________________pai/nai/titor-a do alumno/a ______________________________________________________________ do curso 5º __ de Educación Primaria do CEIP Plurilingüe Isidro Parga Pondal de Santa Cruz – Oleiros, centro participante no Proxecto Abalar da Xunta de Galicia:

1. Doume por enterado-a das condicións de uso do material do Proxecto Abalar e acato as medidas mencionadas no Protocolo do Proxecto Abalar do Colexio, facéndose extensivas para os dous grupos de 5º de E.Primaria

2. Autorizo ao meu fillo-a/tutelado-a a participar en Aula Planeta co CEIP Pluirilingüe Isidro Parga Pondal de Santa Cruz – Oleiros, aportando os datos precisos para poder levar a cabo a súa inscripción. A inscripción pertence ao Centro Educativo, non as familias.

Asinado:_________________________________________________ DNI/NIE____________________

www.aulaplaneta.com

